



CAMPIONATO GALEGO DE ORIENTACIÓN 2011

"TROFEO CIDADE DE PONTEVEDRA"

Organiza:

Sección de Orientación (A ROELO) do club MONTAÑEIROS DE PONTEVEDRA.


INFORMACIÓN DE ÚLTIMA HORA

CHAN DURO E DUCHAS

Os participantes contarán con duchas e Chan duro si optan por pernoctar no pabillón do C.E.I.P "A Xunqueira" (O mesmo do Pontevedraid 2010).

Permanecerá aberto dende as 14:00h ata as 17:00h do sábado 18 e dende as 21:00h do sábado ata as 10:00h do domingo.

(Ver croquis de situación)



VEXETACIÓN

Advírtese ós participantes que debido á época do ano en que nos atopamos a vexetación nas zonas de carreira de distancia longa e media é moi abundante e inclusive as partes que no mapa se sinalan como "limpas" poden presentar certa dificultade para a progresión rápida fundamentalmente pola presenza de fieitos.

ESCALAS

Para evitar que a situación de algúns controis aparecese algo confusa pola acumulación de detalle no mapa, decidimos cambiar a escala dos mapas dos percorridos máis altos de 1:15000 a 1:10000 na carreira de distancia longa.

OBSERVACIÓNS, NORMAS E RECOMENDACIÓNS:

- Non se permitirá a saída de corredores sen dorsal.
- É obrigatorio realiza-lo percorrido na orde indicada no mapa
- É **obrigatorio pasar por meta e efectua-la descarga da tarxeta sportident**, aínda que se produza o abandono, para que éste feito lle conste á Organización
- Para a realización do percorrido, o competidor só pode contar coa axuda dunha brúxula, ademáis do mapa aportado pola Organización
- É recomendable levar roupa cómoda que cubra todo o corpo. Non hai que esquecer levar outra muda.
- É recomendable o uso de polainas
- A competición basease no respecto:
 - Á natureza
 - Aos cultivos e propiedades privadas
 - Ós outros competidores
 - Ás indicacións do persoal da organización
 - É moi importante ofrecer axuda a calquera participante que se atope en problemas ou mancado.

ENTIDADES COLABORADORAS:



MEIS



MARÍN



VILABOA



CONCELLO DE
PONTEVEDRA



O NOSO ESPECIAL AGRADECIMENTO ÓS CONCELLOS DE MEIS, MARÍN, VILABOA E PONTEVEDRA, QUE CO SEU APOIO FAN POSIBLE QUE TODO-LOS AFICIONADOS Á ORIENTACIÓN PODAMOS DISFRUTAR DESTE EVENTO.

www.meis.es

www.concellodemarin.es

www.vilaboa.org

www.concellopontevedra.es